

## COA VENDA NOS OLLOS

E trabúcome de nota de novo. A electricidade que provoca a miña carraxe tradúcese nun estentóreo golpe o tacto lene das teclas do piano. Érgome de xeito brusco e achégome ó escritorio a coller as partituras, para despois sentilas fuxir entre os meus dedos sen remedio até o chan. Apóioime pusilánime e con rabia contra a parede e aniño a cabeza entre as mans. É en momentos coma estes nos que maldigo as muxicas de cores que escintilan no meu mundo baleiro, espoliado de luz e de cores. Un zunido visual que me persegue dende a miña pronta infancia, dende aquela vez que pechei os ollos no quirófano coa cándida esperanza de que pronto sería quen de ver o mundo con nitidez, coma calquera outra persoa.

E de súpeto, percibo un son. Xuraría que provén de embaixo, dalgún lugar. Déixome esvarar ata rematar sentado, escoitando con atención esa voz doce que xa coñezo. Apalpo as rugosidades do reloxo para descubrir que son as oito da noite. Normal, ela sempre canta cando sae da ducha. Engrúñome no sitio e pecho os ollos, centrándome só no espectáculo musical. A súa voz é o único que me leva acalmando polas dúas últimas semanas. Pero iso é algo que nunca lle vou dicir, nin sequera a coñezo, aínda que sexamos veciños.

E sigo pensando niso mentres se vai o meu profesor particular, xa ó día seguinte. Penso que a miña nai non sabe canto lle agradezo que, xa con 13 anos cumpridos, endexamais me obrigase a ir á escola. Sinxelamente, non o soportaría. Iso non.

- Queres que vaia contigo a clase de piano? –pregúntame con amabilidade antes de abandonar a habitación.
- Non, hoxe apetéceme ir só, grazas –contesto cun sorriso.

Podía ir só perfectamente. De feito, coa axuda do can, en menos de 15 minutos xa estaba aló. Era un día importante, pois íanse anunciar os grupos, os solos e os duetos do festival de inverno, conformados pola clase de piano, a de violín e a de guitarra. Por iso, non esperaba o que me ía dicir a miña profesora:

- Lucas, mira unha cousiña, sabes quen é Sabela?
- O nome non me lembraba a ninguén, a verdade – contestei encolléndome de ombros.
- Ben, este ano teño poucos alumnos en canto, de feito só teño dous, e pensei en incluílos no festival. Pensei en poñerte a ti con Sabela, porque coa súa voz, o piano vaille mellor, e

a Carlos cunha guitarra, xa que é un barítono. Os ensaios serían á hora de sempre, non sei que pensas...

Asentín porque me daba bastante igual con quen ir. Xa contaba con ser parte dun dueto, pois levo varios anos sen querer participar no festival, e xa que este ano papá e mamá me insistiron tanto, supuxen que a profesora non queredría deixar escapar a oportunidade de facer un verdadeiro espectáculo. Co que non contaba era con que Sabela fose... "ela".

Sóubeno no primeiro dos ensaios. Esa voz tépeda, ese timbre meliflúo e eses agudos case etéreos... Si, estaba seguro de que era ela. Quizais non podía ver os seus ollos, nin tan sequera imaxinar como serían as faccións do seu rostro. Pero sabía que era ela.

As primeiras veces, falabamos pouco. Só de música, que en teoría era o único do que tiñamos que falar. Non sei de feito como lle acabei contando que viviamos no mesmo edificio, e que cría lembrarme de escoitala algunha vez.

- En serio se me escoita nos outros pisos? Ai, que vergoña. E ademais é que un día destes non saberei nin como me chamo, mira que vivir no mesmo edificio e non fixarme nunca en ti...
- Saio pouco, é normal.
- Espera! Entón que che parecería quedar, para non ter que xuntar todo para o último ensaio? Total, estamos ó lado.

Certo é que se nese momento soubese que eu ía insistir tanto en quedar fóra da escola de música para facer ensaios extra, quizais xa non o diría. Pero o importante era que si quedamos. A miña nai estaba encantada de que estivese vendo xente nova, pois non era usual que saíse máis que para ir a clase de piano. Era o único que se me daba medianamente ben, así que quería aproveitalo, tendo en conta o problema que supuxo aprender a tocar sen poder ver nin as teclas nin tan sequera as partituras coas cancións.

A nosa música era algo que non cambiaría por nada. E tampouco renunciaría ós momentos alleos á música, cando ela se equivocaba de verso e estoupabamos en gargalladas, ou cando intentaba tocar o piano comigo pero non tiña nin idea. Por non falar do proceso inverso: eu intento imitar a Beyoncé con "Halo". Se fose eu o que cantase, íache boa, a verdade. Deitábame cada día sen

visualizar imaxes do seu sorriso, de seguro fermoso, pero lembraba conversas e risas e saboreaba momentos que me enchían de alborozo. Oxalá sempre fose así...

(...)

O día do festival, sentín que o que estaba a facer ía en contra de min. Coa cabeza en frío, endexamais deixaría que me vise un auditorio enteiro de xeito voluntario. Unha das únicas vantaxes de non ver nada é que non podo percibir as olladas cravadas en min. Résultame moitísimo máis fácil abstraerme do mundo exterior. Pero tampouco me consola especialmente: non por ignorar un problema este se fai menos real.

O corazón latexábame no peito coma un paxaro desesperado por fuxir da gaiola. Esperaba, mergullado na música e cheo de congoxa, xunto con dous dos guitarristas, a profesora e Sabela. Sabía que en menos de cincuenta segundos sería eu o que tería que estar no medio do escenario. Sabela estaba ó meu carón. Podía sentir o preto que estabamos, e a intensidade da súa respiración. Achegouse ó meu ouvido para murmurarme que xa estaba, tocábanos.

E botamos a andar. Sentín que aboiaba entre estrelas tremelucantes de moitas cores que non era quen de identificar. Sabela tocoume o ombreiro levemente, sinal de que estaba en fronte do piano. Xirámonos cara ó público. Souben que os focos nos estaban apuntando pola sensación de calor que me produciu no rostro. Inspirei. Era un pianista. Ninguén me lembraría como un pianista moreno, ou alto, ou que morde as unllas. Da mesma forma, a información importante é que son un bo pianista, non un bo pianista cego. E de súpeto, sentín os seus dedos entrelazados cos meus. Sorrín, e dirixinme ó piano. Que comece o espectáculo!

Nome e apelidos: Ainhoa Pereiras Mosquera

Idade: 15 anos

IES Manuel García Barros, 3ºESO C